



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>
Tel 610 616 968 - 600 699 293

NORMATIVA:

Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación .

Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

RD 1533/86, do 11 de xullo, polo que se regulan as asociacións de pais de alumnos.

Orde do 16 de xaneiro de 1987, pola que se regulan as Asociacións de Pais de Alumnos.

Información da Xunta sobre asociacións: <http://cpapx.xunta.gal/asociacions/introduccion>

ANPAS . LIBROS OBRIGATORIOS

Lei de Asociacións: Art. 7: Estatutos.

1. Os estatutos deberán conte-los seguintes extremos:

- a) A denominación.
 - b) O domicilio, así como o ámbito territorial en que deba realizar principalmente as súas actividades.
 - c) A duración, cando a asociación non se constitúa por tempo indefinido.
 - d) Os fins e actividades da asociación, descritos de forma precisa.
 - e) Os requisitos e modalidades de admisión e baixa, sanción e separación dos asociados e, de se-lo caso, as clases destes. Poderán incluír tamén as consecuencias do non pagamento das cotas por parte dos asociados.
 - f) Os dereitos e as obrigas dos asociados e, de se-lo caso, de cada unha das súas distintas modalidades.
 - g) Os criterios que garantan o funcionamento democrático da asociación.
 - h) Os órganos de goberno e representación, a súa composición, regras e procedementos para a elección e substitución dos seus membros, as súas atribucións, duración dos cargos, causas do seu cesamento, a forma de deliberar, adoptar e executa-los seus acordos e as persoas ou cargos con facultade para certificarlos e requisitos para que os citados órganos queden validamente constituídos, así como a cantidade de asociados necesaria para poder convocar sesións dos órganos de goberno ou de propor asuntos na orde do día.
 - i) O réxime de administración, contabilidade e documentación, así como a data de cerramento do exercicio asociativo.
 - j) O patrimonio inicial e os recursos económicos dos que se poderá facer uso.
 - k) Causas de disolución e destino do patrimonio en tal suposto, que non poderá desvirtua-lo carácter non lucrativo da entidade.
2. Os estatutos tamén poderán conter calquera outra disposición e condición lícita que os promotores consideren conveniente, sempre que non se opoñan ás leis nin contradigan os principios configuradores da asociación.
3. O contido dos estatutos non poderá ser contrario ó ordenamento xurídico.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>
Tel 610 616 968 - 600 699 293

Art. 14: Obrigas documentais e contables.

1. As asociacións deben dispor dunha **relación actualizada dos seus asociados**, levar unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como as actividades realizadas, efectuar un inventario dos seus bens e **recoller nun libro as actas das reunións dos seus órganos de goberno e representación**. Deberán **levar a súa contabilidade** conforme as normas específicas que lles resulten de aplicación.
2. Os asociados poderán acceder a toda a documentación que se relaciona no número anterior, a través dos órganos de representación, nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
3. As contas da asociación aprobaráse anualmente a Asemblea Xeral.

Clases de libros:

Á parte dos libros obrigatorios que reclama a normativa sobre asociacións, que son:

- Libro de persoas socias
- Libro de actas
- Libro de tesouraría

Existen outros tres libros circunstanciais:

- Libro de inventario (no caso de adquirir material inventariábel)
- Libro de doazóns (no caso de recibir ou facer doazóns – Lei 10/2010 de prevención do branqueo de capitais)
- Libro de voluntariado (no caso de contar con ese tipo de persoal colaborador)

Necesidade de legalizar os libros obrigatorios

Non hai ningunha normativa específica que así o indique ou que así o rexeite; a Lei de asociacións non fala en ningún momento dea esta legalización, só fala de ter eses.

Porén, semella obvio que de algunha maneira hai que garantir que os libros teñan a mesma vida que a propia asociación, e que non poidan ser modificados en calquera momento, polo que podemos entender que, aínda que sexa a base de dilixencias internas, si que é convinte que os nosos libros teñan unha “formalización” que os faga ser un elemento da vida asociativa no que se poida confiar. Neste senso, poderíamos recomendar que:

En canto a apuntamentos iniciais:

- No caso de facérmonos cargo da asociación dende o primeiro momento, os libros terán os seus apuntamentos dende as mesmas datas nas que a asociación se constitúe:
 - o As primeiras persoas socias serán as asinantes da acta fundacional.
 - o A primeira acta será esta mesma acta fundacional.
 - o Os primeiros apuntamentos económicos corresponderanse coas primeiras achegas das persoas socias.
- No caso de facérmonos cargo da asociación nun momento posterior, pódense dar dúas situacións:
 - o Que haxa libros normalizados, co cal só temos que continualos.
 - o Que non os haxa, ou que estean incompletos ou erróneos: neste caso é indicado facer neles unha dilixencia de aclaración (ben sexa ao inicio, se non os había, ou na páxina seguinte á última escrita:

A xunta directiva da ANPA -----, escolleita na Asemblea Xeral celebrada o día -----, recibiu / iniciou este libro sen que o mesmo tivera toda a información que faría posíbel a súa continuidade, polo que a partir desta data reiníciase, incorporando a información recuperábel nos arquivos da asociación / comezándoo dende este momento, para cumprir a normativa vixente en canto á transparencia de datos desta Asociación. (Asinado polas persoas que ocupen a presidencia e a secretaría como mínimo)



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela

anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

En canto a apuntamentos anuais:

No noso mundo asociativo, os anos -agás do que se especifique para os aspectos fiscais no seu momento- van parellos ao curso escolar, polo que sería perfectamente entendíbel que as dilixencias correspondentes se fixeran ao final de cada curso escolar; igualmente sería posíbel facelas ao final do ano natural; o realmente importante é a coherencia do sistema utilizado, e mesmo que se aprobe que vai ser o que se entenda por “período” de actuación da anpa aos diferentes efectos .

Na finalización de cada período, cómpre indicar en cada libro que ese período rematou e que o libro nese momento ten os datos dos que dispoña. A dilixencia posíbel pode ser:

Na finalización do curso / ano -----, o dato correspondentes ao último apuntamento neste libro de (persoas socias / actas / actas da xunta directiva / tesouraría) é o seguinte:

- *Persoa socia nº _____*
- *Acta nº _____*
- *Saldo de _____ €*

Asinado: presidencia e secretaría ou tesouraría.

Outra opción cómoda sería indicar na primeira asemblea do cada novo período, ao mesmo tempo que se recollen os datos de liquidación do orzamento do período anterior, cales son eses datos, e deixalos recollidos na acta correspondente. Algo así como:

Aprobáronse as contas do exercicio / curso anterior cos seguintes datos:

Total de ingresos: ----- €

Total de gastos: ----- €

Saldo nos libros contables: ----- €

Última persoa asociada anotada: nº -----

Última acta da Asemblea Xeral anotada: nº -----

Última acta da Xunta directiva anotada: nº -----



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela

anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

LIBROS FÍSICOS / LIBROS DIXITAIS

Cando pensamos en libros oficiais, temos sempre na cabeza o modelo convencional de libro físico, encadernado, compacto, con follas numeradas e escrito a man. Pero iso hoxe en día é unha molestia innecesaria.

Todos os libros poden estar dixitalizados en calquera formato facilmente utilizable, cun procesador de textos, unha folia de cálculo, un programa específico, todos son válidos, só dependerán da dispoñibilidade en cada caso.

A feitura ordinaria farase directamente sobre o arquivo dixital, pero o problema xorde á hora de garantir a seguridade deses arquivos, a súa inmutabilidade unha vez asentados; o que se falou antes da “formalización” dos libros.

O sistema máis rápido é imprimilos unha vez ao ano, dilixencialos e asinalos, e logo arquivalos co sistema tradicional. Iso ten un problema: que todo o físico pode perderse e deteriorarse.

A outra opción posíbel sería gardar, cada final de período, unha copia en PDF asinada dixitalmente pola persoa que ocupe a presidencia e a secretaría ou a tesouraría, e non imprimilos nunca.

E quizais o máis interesante sería facer as dúas cousas: gardalos e asinalos dixitalmente, e imprimilos para que sexan doados de consultar polas persoas socias.

En resumo: o importante é que quen vexa os libros da asociación teña a seguridade de que non están alterados, falseados ou modificados, senón que reflicten a imaxe fiel do que foi pasando nela durante os anos; e que poida consultalos e utilizalos como información viva da vida asociativa.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela

anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

LIBRO DE PERSOAS SOCIAS

Un libro de persoas socias é simplemente unha listaxe ordenada de todas aquelas persoas que foron asociándose á ANPA ao longo dos seus anos de vida.

Conterá os datos que interesen á asociación, dende a simplicidade dos máis evidentes (nº de socia, nome e teléfono de contacto, data de alta e data de baixa) ata outros máis desagregados que poidan resultar interesantes: enderezo, NIF, nº de conta corrente, mail, nº de fillos, etc.

Polo tanto, o primeiro é decidir con cantos deses datos imos querer contar, porque esa relación será imprescindible para facer o formulario de alta de socia, e tamén serán os datos dos que teñamos que garantir a súa seguridade diante da normativa de protección de datos.

A partires de aí, comezará a xestionarse o libro de persoas socias; as primeiras anotacións, por lóxica, corresponderán ás persoas socias fundadoras, as que asinen a Acta fundacional; e logo iranse incorporando, por orde de chegada, todas aquelas que poidan e desexen facelo.

Ás persoas socias, como en calquera outra organización, corresponderalles un número de rexistro, que será delas para sempre, xa que o manterán aínda que se dean de baixa; porque o libro continuará ampliándose con todas as novas asociadas, e as baixas simplemente anotaranse como outro dato da persoa á que lle corresponda.

Cabe a posibilidade, se así interesa á asociación, de levar rexistros auxiliares de socias: usuarias dunha actividade, participantes nunha excursión, socias “vivas” (aquelas que non están dadas de baixa), socias agrupadas por cursos académicos, pero se isto non implica a incorporación de novos datos diferentes aos que xa constan no libro de persoas socias, non pode considerarse como un libro distinto, nin é preciso darlle a formalidade que se dá ao primeiro.

Iso si, por efecto da normativa de protección de datos, eses posíbeis rexistros auxiliares só deberían estar dispoñíbeis o tempo imprescindible para o seu uso.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela

anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

7

Hai dúas cuestións fundamentais que cómpre debater nese momento:

1.- Quen pode ser socia dunha ANPA?

Lei 1/2002 – art. 3: “poderán constituír asociacións, e formar parte delas, as persoas físicas e as persoas xurídicas...”

RD 1533-86: art.3 “unicamente poderán ser membros das citadas asociacións os pais ou titores que cursen estudos nos centros docentes que impartan ensinanzas de Educación Preescolar, EGB, Bacharelato e FP”

(Hoxe temos que entender pais e nais, titores e titoras, Educación Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharelato e FP)

Como as persoas xurídicas non poden ser nais nin pais (aínda que si poderían ser titoras, pero sería unha situación moi estraña), temos que concluír que poden ser socias dunha anpa:

- As persoas físicas: non pode ser socia outra asociación, nin un clube deportivo ou outra anpa, nin as familias.
- As persoas físicas que teñan fillas, fillos, tutelados ou tuteladas estudando no centro de ensino no que está creada a ANPA: non hai máis posibilidades, nin antigo alumnado, nin simpatizantes, nin profesorado...
- Aquelas persoas físicas con fillos-as, tutelados-as no centro escolar, que
 - Soliciten a súa inscrición.
 - Cumpran as condicións específicas que os Estatutos impoñan, se o fixeran.
 - Pagen, se está establecido, a primeira cota.
 - Acepten expresamente os estatutos.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

As socias dunha anpa teñen que ser, necesariamente, persoas físicas, xa só por iso habería que desbotar a posibilidade de que “as familias” sexan socias dunha anpa -que é algo moi estendido-, pero é que ademais tamén hai que romper a inercia que xunta unha socia=unha cota, ou outra aínda máis molesta, a que identifica unha familia=un voto.

As ANPAs, como calquera asociación, temos socias e socios, persoas individuais, con votos individuais, que non están representados-as pola súa parella (agás de que se especifique formalmente esa representación), e que deben expresar a súa conformidade individual para ser consideradas socias-os.

Isto quere dicir que debemos cobrar máis dunha cota por familia?: Non, podemos cobrar como queiramos e establezamos en Estatutos ou decidamos en Asemblea xeral, pero temos que separar ese concepto do resto dos dereitos que o feito de ser socia-o trae de seu.

E cabe a posibilidade de que, nunha mesma familia, un dos pais-nais-titores-titoras queira ser socia-o e o outro-a non queira?, pois si, cabe, e haberá que admitilo e xestionalo.

E que pasa cos divorciados-as? Pois que haberá que estar ao convenio de separación, ou á sentenza que o regule; en principio a custodia pode perderse, pero a patria postestade non ten porque seguir o mesmo camiño, e aí entramos nunha casuística complexa. Do pouquiño que miramos na rede, aparecen sentenzas que din que en canto aos gastos son responsabilidade do pai/nai matriculante (nos casos en que ámbolos dous poidan facelo), e que se prioriza o tempo de visitas por diante do tempo de actividades (se o proxenitor atópase conque no seu tempo o outro proxenitor organizou unha actividade extraescolar, pode negarse a que o neno-a vaia a esa actividade); pero non atopamos nada que teña que ver coa condición de socia ou coa representación. Hai que mirar caso a caso.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela

anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

2.- Cando se deixa de ser socia dunha ANPA?

- Cando a persoa queira facelo así, comunicándoo dun xeito fidedigno, que quede constancia.
- Cando o alumno-a do que xorde a relación abandone o centro escolar por calquera causa.
- Cando se cumpran as condicións que os Estatutos establezan, e logo de realizar o procedemento que neles se indique; tendo en conta que sempre que se estableza a perda da condición de socia ten que ser oída previamente a persoa afectada, a quen se lle debe informar dos feitos que dan lugar á “sanción” e motivándose logo o acordo tomado.

Moitas ANPAS na práctica están tomando a decisión de considerar persoas socias a todas aquelas que cada curso se inscriben como tales, entendendo que a decisión voluntaria de asociarse está indisolublemente ligada ao pagamento da cota anual, e que esa decisión debe ser manifestada, e pagada, en cada curso escolar.

Pois ben, non hai nada que impida facelo así, sempre que nos Estatutos así se dispoña (nesta Confederación non coñecemos ningún caso de Estatutos que así o fagan); pero de facelo levaríanos ao paradoxo de que tamén a xunta directiva cesaría inmediatamente, porque tampouco serían socias, e todos os anos habería que recomenzar e facer un libro de socias novo, escoller unha directiva nova, etc, etc; sen que iso nos elimine a obriga de termos os libros anteriores.

Realmente, na práctica real, a consideración de socia vai ligada á primeira inscrición, e non adoita perderse ata que o alumno-a correspondente abandone o centro escolar; e iso presenta problemas de organización, porque:

Que ocorre se non paga a cota?, pois normalmente seguen sendo socias, porque a maioría dos Estatutos falan de que perden a condición de tales, pero logo dun pequeno procedemento que ninguén quere facer, por molesto.

Poden seguir votando?, pois se non hai nada establecido nos Estatutos si que poden, poden asistir ás asembleas e participar nas decisións. Por iso é interesante acordar en Asemblea Xeral cal será o réxime que terán as persoas socias que non estean ao día no pagamento das cotas; para que así non haxa problemas de interpretación.

E as fillas e fillos, tutelados e tuteladas, dos “morosos-as” poden participar do que a ANPA faga? . Rotundamente SI, pero non por ser fillos-as de socia, pagadora ou non; senón porque as actuacións da ANPA deben dirixirse sempre a TODA a comunidade escolar, sen distinguir aos fillos-as das súas asociadas.